# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36013758 | IES Laxeiro | Lalín | 2024/2025 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | 2ª Lingua estranxeira - Francés | 1º ESO | 2 | 70 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 14 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 15 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 16 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 16 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 18 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 18 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 19 |
| 7.2. Actividades complementarias | 20 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 21 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 21 |
| 9. Outros apartados | 22 |

## 1. Introdución

Neste curso 2024-25, o Departamento de Francés impartirá docencia nos seguintes niveis e grupos:
- 1º ESO (3 grupos)
- 2º ESO (3 grupos)
- 3º ESO (2 grupos)
- 4º ESO (3 grupos)
- 1º BACHARELATO (1 grupo)
- 2º BACHARELATO (1 grupo)
- CUALE (1 grupo)

Agás nos grupos de CUALE, o ensino do Francés farase como segunda lingua estranxeira e partirá das seguintes premisas:
- Programa E-dixgal en toda a etapa da ESO.
- Transición difícil entre os dous primeiros cursos da ESO, nos que a Segunda Lingua Estranxeira é obrigatoria, e os seguintes cursos nos que esta materia se converte en específica (opcional) e nos que adoitamos perder parte do noso alumnado, que prefire orientarse cara a outras materias específicas, xeralmente pola súa menor carga teórica.
- Posibilidade de atoparnos cunha maior heteroxeneidade entre o alumnado de 4º da ESO e de Bacharelato, xa que nestes niveis acollemos alumnado que seguiu traxectorias diversas na súa aprendizaxe da lingua, dada a posibilidade para eles de matricularse nesta materia sen a ter cursado en todos os cursos anteriores polo seu carácter opcional.

Todas estas circunstancias condicionan a nosa maneira de traballar e obrígannos a buscar un difícil equilibrio entre a calidade do ensino, o correcto desenvolvemento dos currículos estipulados, o fomento da continuidade na aprendizaxe desta lingua mediante a captación da motivación e do interese do alumnado, e a necesaria atención á diversidade.

Dito isto, cremos firmemente na importancia da materia que impartimos no desenvolvemento cognitivo e persoal dos nosos estudantes, en consonancia ademais coas directrices do Consello de Europa, que impulsa a aprendizaxe e o ensino de varias linguas estranxeiras.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Comprender o sentido xeral e información relevante e predicible en textos sinxelos e ben estruturados, en lingua estándar relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do nivel escolar, e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas. | 2-3 | 1-2-3 | 1 | 1 | 5 | | | 2 |
| OBX2 - Producir textos de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma adecuada e coherente mensaxes que respondan a propósitos comunicativos cotiáns. | 1 | 1-2 | 1 | 1-2-3 | 5 | | 1 | 3 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións sinxelas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía. | 1-2-5 | 1-2-3 | 1 | 2-3-4 | 1-3 | 3 | | |
| OBX4 - Mediar entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos simples, resumir ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable. | 1-2-3-5 | 1-2-3 | 1 | 2 | 1-3 | | | 1 |
| OBX5 - Recoñecer, ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas. | | 2-3 | 1 | 2 | 1-5 | | | |
| OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais. | 5 | 3 | | | 1-3 | 3 | | 1 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Facile, le français! | Toma de contacto coa lingua francesa, decatándonos das múltiples similitudes que presenta coas nosas linguas maternas. Adquisición das ferramentas para ter unha conversa básica na que dúas persoas nos presentamos. | 20 | 6 | X | | |
| 2 | Léon se prépare pour la rentrée. | O eido escolar: o material escolar; as materias; falar do noso horario; os días da semana; coñecer o sistema educativo francés. | 30 | 32 | X | X | |
| 3 | Je me présente. | Os meses do ano. Presentarnos falando dos nosos gustos e de como somos, introducindo unha pequena descrición física | 50 | 32 | | X | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3 | Je me présente. | e do noso carácter. O verbo "être" (ser/estar). Os principais símbolos de Francia. | 50 | 32 | | X | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Facile, le français! | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar. | Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, coa axuda inicial do/a profesor/a. | PE | 50 |
| CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico. | Usar estratexias básicas de comprensión de maneira pautada, segundo o indicado polo/a docente á hora de identificar os distintos elementos significativos. | | |
| CA1.3 - Comprender descricións, narracións, instrucións moi elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas moi básicos previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando moi claramente. | Comprender descricións, narracións, instrucións moi elementais coa axuda do/a docente. | | |
| CA1.6 - Completar formularios e documentos moi elementais nos que se solicite de maneira evidente información persoal moi básica, en soporte tanto impreso como dixital. | Completar formularios e documentos moi elementais a partir dun modelo. | | |
| CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir. | Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas co apoio do/a docente. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Producir oralmente textos curtos moi elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas moi cotiáns prestando atención á articulación, ao ritmo, á acentuación e á entoación para facer o texto intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia. | Producir oralmente textos curtos a partir de modelos sinxelos e seguindo unha estrutura previamente proporcionada polo/a docente. | TI | 50 |
| CA1.5 - Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos moi sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. | Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos moi sinxelos e básicos, coa axuda do/a docente. | | |
| CA1.8 - Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo algúns erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. | Pronunciar de xeito intelixible co apoio do/a docente, sen límite de repeticións. | | |
| CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe. | Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe. | | |
| CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de palabras e de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menús, prezos, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas. | Transmitir información de maneira pautada, seguindo as indicacións e estratexias suxeridas polo/a docente. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.<br>- Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados.<br>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día).<br>- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos.<br>- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.<br>- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Léon se prépare pour la rentrée. | 32 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar. | Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais, coa axuda do/a docente. | PE | 25 |
| CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico. | Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais, coa xuda do/a docente. | | |
| CA1.3 - Comprender descricións, narracións, instrucións moi elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas moi básicos previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando moi claramente. | Comprender descricións, narracións, instrucións moi elementais coa axuda do/a docente. | | |
| CA1.6 - Completar formularios e documentos moi elementais nos que se solicite de maneira evidente información persoal moi básica, en soporte tanto impreso como dixital. | Completar formularios e documentos a partir dun modelo. | | |
| CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa. | Aplicar de forma guiada coñecementos estratexias básicas para producir textos, cunha estrutura preestablecida. | | |
| CA1.4 - Producir oralmente textos curtos moi elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas moi cotiáns prestando atención á articulación, ao ritmo, á acentuación e á entoación para facer o texto intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia. | Producir oralmente textos curtos moi elementais coa axuda do texto escrito. | TI | 75 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.5 - Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos moi sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. | Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos moi sinxelos e básicos, cunha estrutura preestablecida. | | |
| CA1.8 - Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo algúns erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. | Pronunciar de xeito intelixible coa axuda do/a docente. | | |
| CA1.9 - Participar en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica, manifestando os seus gustos, facendo invitacións elementais e ofrecementos, e pedindo e dando indicacións suficientes para ir a un lugar. | Participar en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, a partir dunha estrutura preestablecida. | | |
| CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación. | Interactuar de xeito simple pero suficiente, coa axuda do/a docente. | | |
| CA1.11 - Comprender preguntas elementais e dar e comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica (nome, idade, domicilio etc.), así como instrucións e peticións simples relativas ao ámbito escolar. | Comprender preguntas elementais e dar e comprender información sinxela, co apoio do/a docente. | | |
| CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. | Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos co apoio do/a docente. | | |
| CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe. | Amosar case sempre unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe. | | |
| CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de palabras e de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menús, prezos, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas. | Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible co apoio do/a docente. | | |
| CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Aplicar de forma guiada e cun guión preestablecido estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación. | | |
| CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico. | Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, co apoio do/a docente. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas, e co apoio do/a docente. | | |
| CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e cultuais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística. | Recoñecer a maioría das veces estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e cultuais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística. | | |
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos. | Aceptar e respectar case sempre a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira. | | |
| CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir. | Utilizar adecuadamente co apoio do/a docente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito, e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.<br>- Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados.<br>- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións moi elementais da vida cotiá (identificar unha persoa, transmitir unha listaxe de ítems do léxico aprendido¿).<br>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día).<br>- Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación.<br>- Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas.<br>- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.<br>- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. |

| Contidos |
| --- |
| - Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.<br>- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).<br>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.<br>- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.<br>- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos.<br>- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas ¿léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.¿).<br>- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.<br>- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).<br>- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.<br>- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.<br>- Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.<br>- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.<br>- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 3 | Je me présente. | 32 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA1.1 - Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar. | Recoñecer globalmente o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais. | PE | 25 |

| **Criterios de avaliación** | **Mínimos de consecución** | **IA** | **%** |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Comprender descricións, narracións, instrucións moi elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas moi básicos previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando moi claramente. | Comprender globalmente descricións, narracións, instrucións moi elementais. | | |
| CA1.5 - Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos moi sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. | Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos moi sinxelos e básicos e de maneira pautada polo/a docente, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar. | | |
| CA1.6 - Completar formularios e documentos moi elementais nos que se solicite de maneira evidente información persoal moi básica, en soporte tanto impreso como dixital. | Completar de maneira guiada formularios e documentos moi elementais nos que se solicite de maneira evidente información persoal moi básica, en soporte tanto impreso como dixital. | | |
| CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. | Utilizar a maioría das veces estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. | | |
| CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico. | Usar de forma guiada e pautada polo/a docente estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais. | TI | 75 |
| CA1.4 - Producir oralmente textos curtos moi elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas moi cotiáns prestando atención á articulación, ao ritmo, á acentuación e á entoación para facer o texto intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia. | Producir oralmente textos curtos moi elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, co apoio dun texto escrito modelo. | | |
| CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa. | Aplicar de forma guiada e con posibilidade de repetición coñecementos estratexias básicas para producir textos a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.8 - Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo algúns erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. | Pronunciar de xeito intelixible a maioría das veces, mesmo cometendo algúns erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. | | |
| CA1.9 - Participar en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica, manifestando os seus gustos, facendo invitacións elementais e ofrecementos, e pedindo e dando indicacións suficientes para ir a un lugar. | Participar en situacións interactivas moi breves e simples, co apoio dun texto escrito modelo. | | |
| CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación. | Interactuar de xeito simple pero suficiente co apoio do/a docente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación. | | |
| CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe. | Amosar case sempre unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe. | | |
| CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de palabras e de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menús, prezos, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas. | Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible co apoio do/a docente. | | |
| CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Aplicar de forma guiada e cun guión preestablecido estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación. | | |
| CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico. | Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, co apoio do/a docente. | | |
| CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Utilizar e diferenciar a maioría das veces de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico | | |
| CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes. | Identificar a maioría das veces os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas, e co apoio do/a docente. | | |
| CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e cultuais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística. | Recoñecer a maioría das veces estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e cultuais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística. | | |
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos. | Aceptar e respectar case sempre a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira. | | |
| CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Participar de maneira guiada en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais. | | |
| CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir. | Utilizar adecuadamente co apoio do/a docente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito, e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.<br>- Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados.<br>- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións moi elementais da vida cotiá (identificar unha persoa, transmitir unha listaxe de ítems do léxico aprendido¿).<br>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día).<br>- Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos).<br>- Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación.<br>- Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e |

| Contidos |
| --- |
| - próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas.<br>- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.<br>- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.<br>- Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.<br>- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).<br>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.<br>- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.<br>- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos.<br>- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas ¿léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.¿).<br>- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.<br>- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).<br>- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.<br>- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.<br>- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.<br>- Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.<br>- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.<br>- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Aspectos xerais

O proceso de ensino-aprendizaxe en base ás competencias clave supuxo unha profunda reflexión e os cambios pertinentes en relación co enfoque metodolóxico que se viña poñendo en práctica anteriormente.
Xa non se trata de transmitirlle ao alumnado uns determinados coñecementos plasmados nunha serie de contidos, para que poidan reutilizalos nun futuro indeterminado.

Agora o alumnado é un axente activo, protagonista no seu proceso de aprendizaxe, de tal xeito que poida adquirir competencias.
Os coñecementos derivados dos contidos seguen sendo necesarios pero deixan de ser un fin en si para converterse en ferramentas que permiten acadar as competencias clave.
Así mesmo, o/a profesor/a deixa de ser o fundamento do proceso de ensino, para converterse nun apoio para un alumnado que debe, entre outras competencias, aprender a aprender por si mesmo, máis alá do que lle ensine un/unha profesor/a.

Concrecións metodolóxicas para 1ºESO

En canto á metodoloxía seguida, o método que escollemos incorpora a evolución actual da didáctica das linguas estranxeiras. En efecto, o método divide a lingua en progresións nas catro competencias lingüísticas: a comprensión oral e escrita e a expresión oral e escrita.
Dende o principio, estas competencias entrecrúzanse, inda que conservando a súa especificidade. Dese xeito, o profesorado sempre poderá insistir nesta ou nestoutra competencia segundo as necesidades do grupo en cada momento.
Tendo en conta que estamos nunha fase inicial da aprendizaxe da lingua, darase prioridade á comprensión oral e escrita nas primeiras unidades estudadas, co fin de crear un corpus importante de coñecementos pasivos orais e escritos que lle permita ao alumnado progresar máis rápido.
Tamén se usará a aprendizaxe mediante tarefas que permitirán integrar e sintetizar as distintas competencias, xunto con actitudes e valores tales como a cooperación, e no marco dun enfoque comunicativo.
O método utilizado dispón de exercicios de reflexión colectiva e individual sobre os distintos niveis de funcionamento da lingua estranxeira, sobre a gramática, a transición do oral á escrita, etc., e invita á comparación co funcionamento das demais linguas que manexa o alumnado.
Fomentarase unha aprendizaxe en espirais sucesivas: a integración de coñecementos en espirais regulares (sínteses sucesivas de lección en lección e sínteses de sínteses) permite mellorar rápida e seguramente a aprendizaxe.
Permitirémoslle ao alumnado comprobar que progresa rapidamente mediante balances frecuentes e autoavaliacións en tódalas competencias.
Dende o principio, darémoslle ao alumnado as bases esenciais para que sexa o antes posible autónomo dende o punto de vista da comprensión escrita e consiga tamén un paso correcto da escrita ao oral, para que aproveite oralmente do que aprende por escrito.
Polo tanto, a lectura en voz alta é un exercicio fundamental dende o primeiro momento.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Libro do alumnado en formato dixital (Club Parachute 1, Santillana) |
| Caderno de exercicios (Club Parachute 1, Santillana) |
| Material complementario elaborado e/ou elixido polo/a docente |
| Apuntamentos persoais do alumnado (nun caderno persoal ou en fichas debidamente almacenadas nunha carpeta clasificadora). |

Ao sermos un centro e-dixgal, non traballaremos con libro do alumnado en formato papel, senón cun libro dixital: Club Parachute 1, da editorial Santillana.
Porén, parécenos moi importante que o alumnado teña o hábito de facer exercicios escritos e tomar apuntamentos, para asentar e sistematizar destrezas e contidos; polo que tamén traballaremos cun caderno de exercicios (Club Parachute 1, Santillana) e con apuntamentos persoais (nun caderno ou en fichas debidamente almacenadas).

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Cada alumno/a debe recibir unha atención individualizada, tendo en conta os seus coñecementos, as súas aptitutes e o seu nivel competencial inicial, así como a súa maneira de interactuar dentro do grupo-clase no que se atopa inmerso/a.
A avaliación inicial debe permitirnos detectar posibles necesidades de actuación específica a nivel individual ou colectivo: posibles reforzos individuais ou colectivos; posibles medidas relacionadas coa convivencia no grupo-clase; posibles axustes metodolóxicos, etc.
Para poder sacar as pertinentes conclusións e tomar así as medidas individuais ou colectivas pertinentes, basearémonos sobre a observación do traballo e da actitude individuais e colectivos nas primeiras semanas du curso.
En 1ºESO, non é posible deseñar unha proba inicial específica sobre competencias previamente traballadas nesta lingua estranxeira, xa que se trata, para a case totalidade do alumnado, do primeiro contacto que ten con esta lingua.
Polo tanto, estaremos atentos a posibles necesidades de atención especial a determinado alumnado mediante a observación do seu desenvolvemento en competencias comunicativas básicas (intelixibilidade e axilidade na escrita; capacidade de atención; capacidade para asimiliar as ferramentas comunicativas básicas vistas nas primeiras sesións de clase...).
A partir deste seguimento e desta observación iniciais, poderemos determinar cales poden ser as necesidades específicas de determinado alumnado, así como en que aspectos da lingua deberemos incidir ao longo do curso, a nivel individual ou colectivo, e con que enfoque metodolóxico.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **20** | **30** | **50** | **100** |
| **Proba escrita** | 50 | 25 | 25 | **30** |
| **Táboa de indicadores** | 50 | 75 | 75 | **70** |

**Criterios de cualificación:**

Consideracións previas:

Para cualificar o alumnado de maneira clara e intelixible para profesorado, alumnado e pais, nais e titores legais, consideramos oportuno distribuír os Criterios de Avaliación establecidos entre os seguintes apartados:
- Comprensión oral.
- Expresión oral.
- Comprensión escrita.
- Expresión escrita.
- Estrutura da lingua e Cultura.

Consideramos que os Criterios de Avaliación quedan distribuídos do seguinte xeito:

- Comprensión oral:
CA1.1., CA1.2., CA1.3., CA1.11., CA1.13., CA3.3.

- Expresión oral:
CA1.4., CA1.8., CA1.9., CA1.10., CA1.11., CA1.12., CA1.13., CA2.1., CA2.2., CA3.3.

- Comprensión escrita:
CA1.1., CA1.2., CA1.3., CA1.11., CA3.3.

- Expresión escrita:
CA1.5., CA1.6, CA1.7., CA1.11., CA1.12., CA2.1., CA2.2., CA3.3.

- Estrutura da lingua e Cultura:
CA2.3., CA2.4., CA2.5., CA2.6., CA3.1., CA3.2., CA3.3., CA3.4.

Cálculo da nota de cada avaliación:

Cada un dos 5 apartados anteriormente definidos ten unha ponderación do 20% para o cálculo da nota de cada avaliación.
En cada avaliación, a nota do/a alumno/a será a suma das medias dos resultados en cada un destes 5 apartados, tendo en conta a ponderación aplicada.
Para facilitar o cálculo da nota de cada avaliación e a intelixibilidade destes criterios de cualificación por parte do alumnado, o profesorado poderá avaliar cada exercicio ou tarefa sobre 2, aplicando así directamente a ponderación de cada apartado.
Ademais, en cada un dos 5 apartados, o profesorado poderá engadir unha nota máis que fará media coas demais notas. Esta nota será o resultado da observación diaria do traballo de aula (implicación, participación...) e da casa (tarefas, deberes...) e calcularase mediante o instrumento de avaliación que determine o profesorado en cada caso (positivos/negativos, táboa de indicadores...).

Cálculo da nota final:

A nota final será o froito da seguinte ponderación da nota das tres avaliacións:
-1ª avaliación: 20%
- 2ª avaliación: 30%
- 3ª avaliación: 50%.

Consideracións xerais:

Faise constar que nas probas escritas ou orais colectivas está prohibido copiar. O profesorado tomará as medidas sancionadoras oportunas en caso de infracción a esta norma: o alumnado infractor terá que presentarse a outro exame equivalente ou o profesorado poderá anularlle ao alumnado en cuestión o(s) apartado(s) do exame no(s) que copiase (o resultado dese(s) apartado(s) será entón 0, "cero").
A participación nas probas e a entrega ou presentación en prazo dos traballos solicitados son obrigatorias. Calquera impedimento á hora de respectar as normas establecidas deberá ser debidamente xustificado para poder recuperar ditas probas ou traballos.
No caso de que un/unha alumno/a non se presente a unha proba na data estipulada e que esa falta de asistencia non sexa debidamente xustificada, o/a alumno/a non poderá recuperar dita proba. O profesorado elaborará posteriormente unha proba específica para o alumnado en cuestión, que recollerá toda a materia da que non se examinase no seu momento.
Faise constar tamén que en caso de faltas de asistencia repetidas coincidindo con probas escritas e/ou orais, esas faltas xa non poderán ser xustificadas directamente polos pais ou titores legais do alumnado afectado; as faltas deberán ser xustificadas mediante a presentación do pertinente documento escrito (certificado médico, certificado de asistencia a visita ou probas médicas, convocatoria oficial por parte de calquera organismo público ou privado, etc.).
Faise constar tamén que o feito de non presentar as tarefas feitas ou os traballos escritos solicitados no prazo establecido acarreará unha penalización nos bloques de Estrutura da lingua e Cultura e Expresión escrita respectivamente: cada vez que o profesorado comprobe que un/unha alumno/a vén coas tarefas sen facer, restaráselle a dito/a alumno/a 0,1 puntos na media do bloque de Estrutura da lingua e Cultura; e por cada día de atraso na entrega dun traballo escrito, restaráselle ao alumnado implicado 0,1 puntos sobre o resultado de dito traballo.
No caso de negarse a realizar unha proba oral, o alumnado implicado non poderá recuperar dita proba. A proba constará como "non presentada" na táboa de indicadores que permite a cualificación do alumnado. O/a profesor/a e o/a alumno/a asinarán dita táboa de indicadores, e o resultado da proba será 0 (cero).

**Criterios de recuperación:**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira non se pode organizar en temas máis ou menos estancos. Todo está relacionado e todas as destrezas anteriormente traballadas son constantemente mobilizadas.Trátase dunha

aprendizaxe en espirais sucesivas.
Polo tanto, non contemplamos exames de recuperación específicos. O alumnado que teña suspensa algunha das avaliacións terá a oportunidade de recuperar as súas carencias nas sucesivas probas comúns para todo o alumnado, onde volverán mobilizarse os contidos e as destrezas non superados anteriormente.
En xuño, o alumnado en risco de suspender a materia fará unha proba final de recuperación na que entrarán as destrezas e contidos máis necesarios, segundo determine o profesorado.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso de alumnado que promocionou por méritos propios ou por imperativo legal e que ten a materia de Francés-2ª lingua estranxeira pendente nalgún nivel, poñeremos en marcha un programa individualizado de reforzo e de recuperación da materia.

1) Alumnado que segue cursando a materia

O alumnado que ten a materia dun curso anterior suspensa e que segue cursando a 2ª lingua estranxeira recibirá un seguimento na aula.
Tendo en conta que parte da primeira avaliación se dedica sempre a repasar destrezas e contidos previos, considerarase a materia suspensa como recuperada se a nota da 1ª avaliación no novo curso é positiva.
A nota final da materia suspensa será a mesma cá da 1ª avaliación neste novo curso.
No caso de que non teña un resultado positivo na 1ª avaliación, seguiremos co seguimento na aula, por parte do/a profesor/a que lle dea clase.
O alumnado pasará a traballar con fichas de reforzo que lle permitan preparar as probas oficialmente establecidas por Xefatura de Estudos para recuperación de pendentes.
O alumnado deberá conseguir un resultado positivo nestas probas para que a materia pendente se considere como recuperada.

2) Alumnado con materia suspensa que xa non cursa 2ª lingua estranxeira

O alumnado que teña materia suspensa e que non curse a 2ª lingua estranxeira en cursos sucesivos estará baixo a supervisión do/a Xefe/a de Departamento.
O traballo farase principalmente mediante fichas de reforzo que lle permitan ao alumnado preparar as probas oficialmente establecidas por Xefatura de Estudos para recuperación de pendentes.
O alumnado deberá conseguir un resultado positivo nestas probas para que a materia pendente se considere como recuperada.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Calquera docente sabe por experiencia que non hai dous alumnos similares e que, incluso tratando ao comezo con principiantes, a diversidade de personalidades e de maneiras de aprender por parte de cada alumno pronto dá lugar a diferenzas significativas no grupo. E isto é o que fai a riqueza e o interese da ensinanza a grupos.
No método utilizado aquí trátase de axudar o/a alumno/a a aceptar as diferenzas entre as persoas, os países, as culturas, os acentos, e tamén as maneiras de aprender. Deste xeito o alumno crecerá coñecendo mellor os demais e a si mesmo.
A efectos prácticos, favoreceremos traballos colaborativos na medida das nosas posibilidades, relacionados cos contidos e destrezas vistos en cada momento, e o traballo con tarefas que propoñan diversas estratexias, máis ou menos complexas, para acadar uns mesmos obxectivos.
No caso de que nun grupo determinado esteamos en presenza de alumnado repetidor, partiremos da experiencia do curso anterior.
É dicir que se estamos ante alumnos/as que repiten curso pero que superaron a 2ª lingua estranxeira, darémoslle prioridade a comezos de curso á motivación coa que emprenden esta nova etapa, procurando fomentar o seu interese por seguir traballando de forma positiva nesta materia.
Procuraremos "usar" e valorar os coñecementos previos deste alumnado como referencia para o resto do grupo nas distintas etapas que vaiamos seguindo na aprendizaxe da lingua.
Grazas a estes reforzos positivos, procuraremos que o alumnado en cuestión mellore os resultados acadados no curso anterior e profundice no seu coñecemento da lingua.

Se estamos ante alumnos/as que repiten curso e que tampouco superaron a 2ª lingua estranxeira, faremos unha análise previa das dificultades e das carencias que amosaron os alumnos/as en cuestión durante o curso anterior.
Deste xeito poderemos facer fincapé nestes aspectos da aprendizaxe segundo nos vaiamos confrontando con eles ao longo do curso.
Tamén procuraremos reforzar de forma positiva os aspectos da lingua nos que mellor se desenvolven estes alumnos/as para fomentar así o seu interese e a súa motivación nesta etapa educativa.
Se é preciso, poñeremos en marcha todas as medidas de reforzo necesarias co fin de que estes alumnos/as repetidores poidan esta vez superar a materia (fichas individuais de reforzo, traballos individuais complementarios, enfoques de aprendizaxe adaptados ás características do alumnado, etc.).
Ademais destas medidas xerais, xunto co Departamento de Orientación, concretáronse as seguintes medidas específicas no eido das linguas estranxeiras para a elaboración de programas específicos personalizados para o aliumnado que presente dificultades e/ou necesidades educativas especiais (tdah, dislexia...):
- Sinalar obxectivos mínimos de cada tema a nivel de vocabulario e gramática.
- Reducir a cantidade de vocabulario.
- Non corrixir as faltas de ortografía, permitindo a transcrición fonética das palabras (por exemplo; orange-oranch), priorizando a integración oral das mesmas.
- Permitir ter á vista en clase e en probas de avaliación as fórmulas de estruturación gramatical das frases (por exemplo, Suxeito + verbo + nome + adxectivo).
- Permitir ter á vista en clase e exames os esquemas de estruturación dos distintos tempos verbais (por exemplo, Passé composé: Pronome persoal + verbo auxiliar + participio).
- Reducir a cantidade de libros de lectura obrigatorios así como adaptalos ao seu nivel lector.
- Permitir avaliacións baseadas en maior medida no compoñente de comprensión oral, que no de lectura ou composición escrita.
- Tempos extra.
O alumnado diagnosticado de altas capacidades fará o traballo común a todo o alumnado e no tempo libre do que previsiblemente dispoña ao realizar as tarefas con maior axilidade, poderá facer actividades de ampliación e reforzo que, de seren avaliadas positivamente segundo os criterios estipulados para cada tarefa polo profesorado, lle permitirán mellorar en 1 punto a nota de cada avaliación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|---|---|---|
| ET.1 - Os códigos de conduta a respectar en xeral na vida cotiá tamén deben ser respectados no marco educativo e na aula, no grupo-clase e nos subgrupos de traballo. No seu traballo cotián, o alumnado vese animado a respectar as normas de cortesía, a saudarse, a respectar as quendas de palabra, a escoitar os demais, a respectar os seus esforzos para darse a entender malia as dificultades. | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|---|---|---|
| ET.2 - Segundo van pasando os textos e as actividades, o alumnado aprende a respectar as nocións fundamentais de individuo, de grupo, de organización do traballo, de igualdade entre homes e mulleres e de non discriminación, de sociedade e de cultura. O descubrimento dunha realidade diferente da súa propia, a do mundo francófono, dálle a oportunidade de adoptar unha actitude aberta e tolerante. | X | X | X |
| ET.3 - A competencia social está ligada ao benestar persoal e colectivo, que esixe entender como os individuos poden asegurarse un estado óptimo de saúde física e mental. Nese sentido, os documentos presentes no método relativos á ecoloxía, ás boas posturas, á importancia dunha boa alimentación e do exercicio do deporte, contribúen a desenvolver esta competencia. | X | X | X |
| ET.4 - As tarefas finais de cada unidade brindan a oportunidade de amosar unha actitude positiva: colaboración, valoración positiva da diversidade e do respecto polos demais, aceptación dos compromisos. As tarefas rematan deliberadamente nunha sección chamada ¿Eu e os demais¿. | X | X | X |

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Comunicamos con compañeiros/as franceses/as | Comunicación co alumnado do Collège Jean Monnet (Lalinde, Francia) mediante pequenas tarefas conxuntas, cartas manuscritas, correos electrónicos, vídeos de presentación... | X | X | X |

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Planificación eficaz das tarefas por desenvolver na aula. |
| Metodoloxía empregada |
| Capacidade para utilizar distintas ferramentas metodolóxicas (traballos en grupo, uso das TIC...). |
| Implementación entre o alumnado da auto-avaliación e a co-avaliación. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Utilización dunha variedade de procedementos e de instrumentos de avaliación. |
| Comunicación co alumnado sobre os seus progresos e as súas dificultades de aprendizaxe. |
| Clima de traballo na aula |
| Actitude positiva e construtiva cara ao alumnado. |
| Capacidade para abordar comportamentos disruptivos dunha maneira correcta e apropiada. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Comunicación regular cos titores para informalos sobre o proceso de ensino-aprendizaxe. |

**Descrición:**

O proceso de ensino-aprendizaxe está en constante movemento e evolución polos cambios normativos, os cambios metodolóxicos e tecnolóxicos, as transformacións socioeconómicas que afectan a familias e alumnado e a evolución na maneira de aprender por parte do alumnado.
A práctica docente non pode manterse invariable ao longo dos anos e debe auto-cuestionarse constantemente.
Trátase dun exercicio que cada docente debe facer individualmente pero que tamén debe facerse en grupo, no marco do Departamento, de tal xeito que poidamos acadar certa harmonía metodolóxica máis alá do principio da liberdade de cátedra.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Co fin de velar por que os procesos de ensino e de avaliación que se desenvolven nas aulas se axusten á Programación didáctica e ás necesidades educativas do alumnado, levarase a cabo cando menos unha reunión dos membros do Departamento mensualmente, e unha reunión cada trimestre, ao final de cada avaliación, para facer seguimento do grao de desenvolvemento da Programación e dos resultados obtidos.
Despois de cada avaliación, non só valoraremos os resultados do alumnado individualmente para así poder detectar posibles alumnos/as con necesidades educativas especiais, senón que valoraremos tamén os resultados dun grupo a outro para así poder detectar posibles desviacións.
É dicir que se a porcentaxe de éxito dun grupo determinado ou dun nivel determinado fronte a outros é significativamente inferior, estudaremos os motivos que dan lugar a este situación, para así poder tomar as medidas oportunas, que poden incluír ou non unha modificación da programación didáctica.
Os contidos e as decisións que se tomen nestas reunións de coordinación quedarán recollidos nas correspondentes

actas do Departamento.
Estas xuntanzas serán de especial interese para coordinar o traballo de profesorado que comparta un mesmo nivel educativo.
Tamén serán unha oportunidade para buscar solucións colexiadas ante eventuais problemas ou dificultades relacionados co desenvolvemento desta programación.

## 9. Outros apartados